



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E A ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN TERRITORIAL MONTAÑAS DO COUREL PARA REALIZAR ACCIÓNS DE EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL, E DE PROMOCIÓN DO TURISMO DE NATUREZA NO TERRITORIO DO XEOPARQUE MONTAÑAS DO COUREL EN 2026.

(1) A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (*en adiante CMACC*), en virtude do establecido no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten as competencias e funcións en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a preservación para as xeracións futuras.

O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia prioriza entre os seus obxectivos o uso público e educación ambiental, en particular procura a promoción dun uso público ordenado e compatible coa conservación dos tipos de hábitats naturais e especies de interese comunitario. Por iso, propón como medidas:

- Difundir, entre a poboación local e os/as visitantes, os valores naturais existentes nas Zona de especial conservación (ZEC) e Zona de especial protección (ZEPA), figuras de protección que se solapan co ámbito territorial do Xeoparque Montañas do Courel, favorecendo a implicación social na conservación destas zonas.
- Diseñar programas específicos de educación ambiental e sensibilización sobre os problemas e as solucións dos valores naturais e paisaxísticos das ZEC e ZEPAs.

Dentro deste contexto teñen cabida diferentes modalidades de actividades relacionadas co turismo de natureza ou turismo verde, turismo activo ou turismo de espaxamento. Polo tanto, "turismo de natureza" engloba un gran número de actividades realizadas no medio natural como escenario principal e coa biodiversidade como recurso protagonista en maior ou menor grado. Para iso as actividades orientadas a acadar un maior coñecemento sobre os hábitats e especies do espazo natural, o uso sostible dos recursos naturais, o uso público nos espazos naturais e unha axeitada planificación das visitas, de xeito que se lles proporcione aos grupos unha información sobre o espazo adaptada ás súas necesidades, son positivas.

Cabe sinalar que o Xeoparque Montañas do Courel solapa territorialmente coa Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, espazo xestionado pola Xunta de Galicia, que constitúen lugares excepcionais para a investigación, a observación a longo prazo, a formación, a educación e a sensibilización do público, permitindo ao mesmo tempo que as comunidades locais participen plenamente na conservación e o uso sostible dos recursos. Considera que tamén constitúen lugares de demostración e polos de acción no marco das políticas de desenvolvemento rexional e de ordenamento do territorio.





(2) a Asociación para a promoción territorial Montañas do Courel (G27480367) (*en adiante APTMC*) é unha asociación sen ánimo de lucro, (inscrita no rexistro provincial de Asociacións co número 2016/020367-1), que en virtude dos seus estatutos, desenvolve todo tipo de actividades lúdicas, deportivas, sociais e/ou culturais, tales como eventos deportivos, seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos ao desenvolvemento do territorio, e a posta en valor do patrimonio xeolóxico, os recursos naturais, culturais, históricos patrimoniais e artísticos da zona.

A APTMC tras ser recoñecido pola UNESCO no 2019 como Xeoparque Mundial, está protexido por instrumentos internacionais (artigo 50 e) da Lei 42/2007, de 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, artigo 75 d) da Lei 5/2019 de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia). Conta co 53% do súa superficie incluída na Rede Natura 2000 pertencente ao LIC Ancares-Courel ES120002, LIC Macizo Central ES1130002, e dispón do Monumento Natural pregamento xeolóxico de Campodola-Leixazós (Quiroga) declarado con esta condición polo Decreto 120/2012, do 26 de abril.

A APTMC está capacitada para realizar as actividades de educación ambiental así como reforzar a oferta educativa aos centros escolares do territorio que ocupa o Xeoparque de Montañas do Courel, e outras actividades de divulgación, facéndoa extensibles a outras zonas da Rede Natura e resaltar así, os valores naturais do territorio, entre eles, o Bosque da Devesa da Rogueira, enclave único en Galicia que se converteu no primeiro bosque da península ibérica que dispón da certificación Internacional FSC en servizos ecosistémicos.

As actividades previstas neste convenio prestaranse dende diferentes espazos, entre eles, os que están a disposición da APTMC, como xestor deles: a Aula Natureza (Folgozo do Courel), o Museo Xeoloxía (Quiroga), o Centro de interpretación Minería aurífera Romana (Ribas do Sil), o Centro de interpretación das Covas das Montañas do Courel (Folgozo do Courel) e o Museo etnográfico (Quiroga).

(3) Finalidade e vixencia: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa APTMC o instrumento convencional arriba referido por un período de **vixencia** que abrangue dende **dende a data da sinatura ata o 15 de novembro de 2026**.

(4) O convenio ten por **obxecto** establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (CMACC) e a APTMC para realizar actividades orientadas á educación e sensibilización ambiental co fin de contribuír á concienciación ambiental e a un mellor coñecemento da Rede Natura 2000 no territorio que ocupa o Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel, a Zona de Especial Conservación (ZEC) e Zona de Especial Protección (ZEPA), favorecendo a implicación social na conservación destas zonas.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A CMACC, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, ten entre os seus fins, a
[DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL](#)
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
dxpn.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal





promoción de actividades de cara á educación e sensibilización ambiental co fin de contribuír á concienciación ambiental e a un mellor coñecemento tanto da Rede Natura 2000 na zona de especial conservación (ZEC) do Courel, como da Rede Galega de Espazos Protexidos.

Por outro lado, a APTMC, está capacitada para realizar as actividades de educación ambiental así como outras actividades de divulgación, para resaltar así os valores naturais do territorio.

Existe polo tanto o interese mutuo das partes que subscriben este convenio, para realizar actividades de educación e sensibilización ambiental e de promoción do turismo de natureza no Territorio do Xeoparque Montañas do Courel, mediante actuacións divulgativas, formativas e de coñecemento para o medio ambiente e a sociedade.

Por todo o anterior, entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, en consideración á razón de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio.

Todo o que se fai constar para os efectos do previsto no artigo 19.4 c) e 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia e no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Para articular esta acción a CMACC achegará á finalidade deste convenio a cantidade de **doce mil euros (12.000,00€)** que se financiará con cargo á partida orzamentaria 06.04.541B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026 (fondos propios), código de proxecto 2016 00362.

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO



Xacobeo
2027

(documento asinado dixitalmente)
A directora xeral de Patrimonio Natural

M^a Sol Díaz Mouteira

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
dxpn.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal

